# Rúbrica para a avaliación da expresión escrita literaria

## P.21 Un misterio debaixo do brazo

### Cuestións xerais:

- As producións que **non alcancen o 50% da extensión** solicitada codificaranse cun 0 en todos os apartados.

- As producións que **non se axusten á tarefa** demandada de maneira evidente (por tipoloxía textual ou temática) codificaranse cun 0 en todos os apartados.

- As producións do alumnado ao que se aplica protocolo de dislexia contan cunhas **pautas específicas para a corrección** que cómpre seguir na aplicación destas rúbricas.

| COHERENCIA. P.21.1 | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **Código 0** | **Código 1** | **Código 2** |
| **Relevancia do contido** | - **Non** se pode dicir que a produción se axuste á temática do texto orixinal.<br>-Contén información **irrelevante** ou **moi escasa**. | - **Non** se cingue ó tema do texto do que parte.<br>- Nalgún caso, achega información **prescindible e/ou contraditoria**. | - A produción escrita **respecta** claramente a **temática** do orixinal.<br>- Na produción pódese observar certa **creatividade** e **destreza expresiva**, que asenta nunha comprensión afinada do texto orixinal. |
| **Ordenación das ideas** | - Información mal organizada: **sen unha distribución lóxica** en parágrafos ou, incluso, **ausencia** destes.<br>- A extensión é tan escasa que non se pode valorar. | - Apréciase **algunha incongruencia na orde das ideas** (saltos, omisións ou reiteracións) e na súa distribución en parágrafos. | - Información organizada de forma **clara**, distribuída en parágrafos segundo unha orde lóxica. Hai **progresión temática**. |
| **Estrutura** | - A **estrutura** da produción **non é coherente** coa dun **texto narrativo**.<br>- A produción non se corresponde coa tarefa.<br>- A extensión é tan escasa que non se pode valorar. | - A produción **continúa**, **parcialmente**, a **estrutura** propria dos **textos narrativos**. | - A **estrutura** da produción **correspóndese** coherentemente coa dun **texto narrativo**. |

| COHESIÓN. P.21.2 | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **Código 0** | **Código 1** | **Código 2** |
| **Marcadores do discurso** | - **Non** se utilizan **organizadores textuais** e, se aparecen, o seu uso non é o correcto, ou resulta moi repetitivo (exceso de “e”, “pero”...) | - No texto atópanse **algúns organizadores textuais** concretos pero detéctase algún erro no seu uso e/ou algunha repetición que debería evitarse (exceso de “e”, “pero”...). | - Os organizadores textuais vertebran o texto adecuadamente. Apréciase un **uso correcto e variado** de marcadores do discurso. |
| **Cohesión gramatical e léxica** | - **Non** se usan **mecanismos de cohesión gramatical** (pronomes persoais, demostrativos, adverbios…) nin **léxica** (sinónimos, hiperónimos, paráfrases...); de xeito que o texto resulta repetitivo. | - Úsanse algúns mecanismos de substitución; se ben, **non se eliminan todas as repeticións**. | - O texto está **ben cohesionado** a nivel gramatical e léxico; empréganse os mecanismos de substitución necesarios. |
| **Puntuación** | - **Non** se utiliza a **puntuación correctamente**, mesmo no referido aos **puntos e comas**.<br>- A extensión do texto non permite demostrar o manexo correcto dos signos básicos de puntuación. | - Utiliza correctamente puntos e comas, aínda que conteña **outras incorreccións**. | - Utiliza **correctamente todo tipo de puntuación**: puntos, comas, dous puntos, signos de exclamación e interrogación... |

| ADECUACIÓN. P.21.3 | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **Código 0** | **Código 1** | **Código 2** |
| **Riqueza léxica** | - O vocabulario **non** é **axeitado**:<br>• **incorreccións** (castelanismos, vulgarismos...)<br>• **pobreza léxica**, **repeticións**<br>• **imprecisións**, recurso a palabras “baúl”: facer, cousas, xente…<br>- A escasa extensión do texto non permite valorar a riqueza léxica. | - O vocabulario **é axeitado** e, en xeral, correcto.<br>- Inclúe **adxectivos** e **adverbios** que achegan información valiosa. | - O vocabulario é **correcto** (sen castelanismos ou outras interferencias, sen vulgarismos), **rico** e **variado**, **acorde** co do texto do que parte.<br>- Pode empregar frases feitas ou **linguaxe figurada**: comparacións, metáforas... |
| **Rexistro** | - O rexistro **non** é **axeitado** nin acorde co empregado no texto do que parte.<br>- A escasa extensión do texto non permite distinguir con claridade o rexistro empregado. | - En xeral, mantén un rexistro coherente co texto do que parte, aínda que en ocasións se observen **algúns erros** neste sentido.<br>- **Afástase dun rexistro coloquial/ oral**. | - Realiza unha **selección léxica** e utiliza un rexistro **coherente** co empregado no texto do que parte. |

| CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA E GRAMATICAL. P.21.4 | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **Código 0** | **Código 1** | **Código 2** |
| **Ortografía das palabras** | **a) En textos cunha extensión superior ao 80 %**, obsérvase algún dos seguintes casos:<br>- 6 ou máis erros ortográficos non graves<br>- 3 ou máis erros de especial gravidade no vocabulario básico (“a ver” por “haber”, “dever” por “deber”…)<br>- 3 ou máis erros relativos ó uso de maiúsculas.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %**, obsérvase algún dos seguintes casos:<br>- 4 ou máis erros ortográficos non graves<br>- 2 ou máis erros de especial gravidade no vocabulario básico (“a ver” por “haber”, “dever” por “deber”…)<br>- 2 ou máis erros relativo ó uso de maiúsculas.<br>**c) Valoraranse con código 0 as producións cunha extensión inferior ó 50 % do solicitado.** | **a) En textos cunha extensión superior ao 80 %**, obsérvase algún dos seguintes casos:<br>- 4 ou 5 erros ortográficos non graves<br>- 2 erros de especial gravidade no vocabulario básico (“a ver” por “haber”, “dever” por “deber”…)<br>- 2 erros relativos ó uso de maiúsculas.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %**, obsérvase algún dos seguintes casos:<br>- 3 erros ortográficos non graves<br>- 1 erro de especial gravidade no vocabulario básico (“a ver” por “haber”, “dever” por “deber”…) ou 1 erro relativo ó uso de maiúsculas. | En textos cunha extensión **superior ao 80 %, e nunca inferior**, comete 3 ou menos erros ortográficos non graves, e ningún erro de especial gravidade nin relativo ó uso de maiúsculas. |
| **Ortografía da acentuación** | Non respecta as normas básicas de acentuación de agudas, graves e esdrúxulas; de agrupación de vogais (“-ía”, “uí”…) e dos diacríticos máis frecuentes (“é”/”e”, “máis”/”mais”, “á”/”a”…).<br>**a) En textos cunha extensión superior ao 80 %:**<br>- 9 ou máis erros de acentuación non repetidos.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %:**<br>- 5 ou máis erros de acentuación non repetidos. | Respecta, cando menos, as normas básicas de acentuación de agudas, graves e esdrúxulas; de agrupacións de vogais (“-ía”, “uí”...) e dos diacríticos máis frecuentes (“é”/”e”, “máis”/”mais”, “á”/”a”...)<br>**a) En textos cunha extensión superior ao 80 %:**<br>- Entre 6 e 8 erros de acentuación non repetidos.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %:**<br>- Entre 3 e 4 erros de acentuación non repetidos. | En textos cunha extensión **superior ao 80 %, e nunca inferior**, comete un máximo de 5 erros de acentuación. |
| **Morfosintaxe** | Aparecen **erros morfosintácticos graves**, entre eles:<br>- Colocación do pronome persoal átono.<br>- Uso de tempos compostos.<br>- Xénero dos substantivos.<br>- Contraccións (“de+un”, “por+a”...).<br>- Relacións de concordancia (con especial atención á correlación temporal nas formas verbais).<br>- Construción das oracións (incompletas, anacolutos…)<br>**a) En textos cunha extensión superior ao 80 %**:<br>- 5 ou máis erros non repetidos.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %**:<br>- 2 ou máis erros non repetidos. | Obsérvanse algúns erros morfosintácticos graves (*vid.* Código 0):<br>**a) En textos cunha extensión superior ao 80 %:**<br>- Entre 2 e 4 erros non repetidos.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %:**<br>- Entre 1 ou 2 erros non repetidos. | En textos cunha **extensión superior ao 80 %, e nunca inferior**, comete 1 ou ningún erro morfosintáctico grave.<br>Apréciase **variedade sintáctica** que inclúe o emprego de oracións de distinto tipo. |

**Táboa de corrección de P.22 @ondeviveomisterio**

Código alumno/a: ____________________________________________

| Coherencia. P.22.1 | |
|---|---|
| | **Código** |
| Relevancia do contido<br>(0 – 1 – 2) | |
| Ordenación das ideas<br>(0 – 1 – 2) | |
| Estrutura<br>(0 – 1 – 2) | |
| **Codificación: suma total da coherencia<br>(0 – 6)** | |

| Cohesión. P.22.2 | |
|---|---|
| | **Código** |
| Marcadores do discurso<br>(0 – 1 – 2) | |
| Cohesión gramatical e léxica<br>(0 – 1 – 2) | |
| Puntuación<br>(0 – 1 – 2) | |
| **Codificación: suma total da cohesión<br>(0 – 6)** | |

| Adecuación. P.22.3 | |
|---|---|
| | **Código** |
| Riqueza léxica<br>(0 – 1 – 2) | |
| Rexistro<br>(0 – 1 – 2) | |
| **Codificación: suma total da adecuación<br>(0 – 4)** | |

| Corrección ortográfica e gramatical. P.22.4 | |
|---|---|
| | **Código** |
| Ortografía das palabras<br>(0 – 1 – 2) | |
| Ortografía da acentuación<br>(0 – 1 – 2) | |
| Morfosintaxe<br>(0 – 1 – 2) | |
| **Codificación: suma total da corrección ortográfica e gramatical<br>(0 – 6)** | |

# Rúbrica para a avaliación da expresión escrita informativa
# P.22 @ondeviveomisterio

## Cuestións xerais:

- As producións que **non alcancen o 50% da extensión** solicitada codificaranse cun 0 en todos os apartados.

- As producións que **non se axusten á tarefa** demandada de maneira evidente (por tipoloxía textual ou temática) codificaranse cun 0 en todos os apartados.

- As producións do alumnado ao que se aplica protocolo de dislexia contan cunhas **Pautas específicas para a corrección** que cómpre seguir na aplicación destas rúbricas.

| COHERENCIA. P.22.1 | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **Código 0** | **Código 1** | **Código 2** |
| **Relevancia do contido** | - **Non** se pode dicir que a produción se axuste á tarefa solicitada: escribir un correo electrónico relatando a desaparición do Códice Calixtino.<br>-Contén información **irrelevante** ou **moi escasa**. | - **Non** se cingue ó tema: non relata a desaparición do Códice Calixtino.<br>- Nalgún caso, achega **información prescindible e/ou contraditoria**. | - O **tema** do texto está **claro**; a desaparición do Códice Calixtino é o núcleo evidente.<br>- A información é **relevante.** Ademais, **afástase da literalidade dos textos** sobre o Códice presentes na proba. |
| **Ordenación das ideas** | - Información mal organizada: **sen unha distribución** lóxica en parágrafos ou, incluso, **ausencia** destes.<br>- A extensión é tan escasa que non se pode valorar. | - Apréciase **algunha incongruencia na orde** das ideas (saltos, omisións ou reiteracións) e na súa distribución en parágrafos. | - Información organizada de forma clara, distribuída en parágrafos segundo unha orde lóxica. Hai **progresión temática**. |
| **Estrutura** | - **Non** respecta a estrutura solicitada.<br>- A produción non se corresponde coa tarefa.<br>- A extensión é tan escasa que non se pode valorar. | - **Respéctase parcialmente a estrutura** solicitada, pode faltar algunha parte. | - Correspóndese coa estrutura do correo solicitado: **saúdo inicial, corpo, despedida.** |

| COHESIÓN. P.22.2 | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **Código 0** | **Código 1** | **Código 2** |
| **Marcadores do discurso** | - **Non** se utilizan **organizadores textuais** e, se aparecen, o seu uso non é o correcto, ou resulta moi repetitivo (exceso de "e", "pero"...) | - No texto atópanse **algúns organizadores textuais** concretos pero detéctase algún erro no seu uso e/ou algunha repetición que debería evitarse (exceso de "e", "pero"...). | - Os organizadores textuais vertebran o texto adecuadamente. Apréciase un **uso correcto e variado** de marcadores do discurso. |
| **Cohesión gramatical e léxica** | - **Non** se usan **mecanismos de cohesión gramatical** (pronomes persoais, demostrativos, adverbios…) nin **léxica** (sinónimos, hiperónimos, paráfrases...); de xeito que o texto resulta repetitivo. | - Úsanse algúns mecanismos de substitución; se ben, **non se eliminan todas as repeticións** que sería preciso. | - O texto está **ben cohesionado** a nivel gramatical e léxico; empréganse os mecanismos de substitución necesarios. |
| **Puntuación** | - **Non** se utiliza a puntuación correctamente, mesmo no referido aos **puntos** e ás **comas**.<br>- A extensión do texto non permite demostrar o manexo correcto dos signos básicos de puntuación. | - Utiliza correctamente puntos e comas, aínda que conteña **outras incorreccións**. | - Utiliza correctamente **todo tipo de puntuación**: puntos, comas, dous puntos, signos de exclamación e interrogación... |

| ADECUACIÓN. P.22.3 | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **Código 0** | **Código 1** | **Código 2** |
| **Riqueza léxica** | - O vocabulario **non é axeitado** á situación comunicativa:<br>• **incorreccións** (castelanismos, vulgarismos...)<br>• **pobreza léxica**, **repeticións**<br>• **imprecisións**, recurso a palabras "baúl": facer, cousas, xente…<br>- A escasa extensión do texto non permite valorar a riqueza léxica. | - O vocabulario **é axeitado** á situación comunicativa e, en xeral, correcto.<br>- Inclúe **adxectivos** e **adverbios** que achegan información valiosa. | - O vocabulario é **correcto** (sen castelanismos ou outras interferencias, sen vulgarismos), **rico** e **variado**.<br>- Pode empregar **vocabulario específico**, frases feitas ou linguaxe figurada: comparacións, metáforas), **acorde á situación** comunicativa. |
| **Rexistro** | - O rexistro **non é axeitado** nin acorde coas instrucións da tarefa: non se mantén o **tratamento formal**, as escollas léxicas non son acordes…<br>- A escasa extensión do texto non permite distinguir con claridade o rexistro empregado. | - Procura manter unha linguaxe formal. Aínda que se observen alguns erros, **afástase dun rexistro coloquial/ oral**. | - Utiliza correctamente o rexistro lingüístico, respecto ao **tratamento** e ás **escollas léxicas**. |

| CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA E GRAMATICAL. P.22.4 | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **Código 0** | **Código 1** | **Código 2** |
| **Ortografía das palabras** | **a) En textos cunha extensión superior ao 80 %**, obsérvase algún dos seguintes casos:<br>- 6 ou máis erros ortográficos non graves<br>- 3 ou máis erros de especial gravidade no vocabulario básico (“a ver” por “haber”, “dever” por “deber”…)<br>- 3 ou máis erros relativos ó uso de maiúsculas.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %**, obsérvase algún dos seguintes casos:<br>- 4 ou máis erros ortográficos non graves<br>- 2 ou máis erros de especial gravidade no vocabulario básico (“a ver” por “haber”, “dever” por “deber”…)<br>- 2 ou máis erros relativo ó uso de maiúsculas.<br>**c) Valoraranse con código 0 as producións cunha extensión inferior ó 50 % do solicitado.** | **a) En textos cunha extensión superior ao 80 %**, obsérvase algún dos seguintes casos:<br>- 4 ou 5 erros ortográficos non graves<br>- 2 erros de especial gravidade no vocabulario básico (“a ver” por “haber”, “dever” por “deber”…)<br>- 2 erros relativos ó uso de maiúsculas.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %**, obsérvase algún dos seguintes casos:<br>- 3 erros ortográficos non graves<br>- 1 erro de especial gravidade no vocabulario básico (“a ver” por “haber”, “dever” por “deber”…) ou 1 erro relativo ó uso de maiúsculas. | En textos cunha extensión **superior ao 80 %, e nunca inferior**, comete 3 ou menos erros ortográficos non graves, e ningún erro de especial gravidade nin relativo ó uso de maiúsculas. |
| **Ortografía da acentuación** | Non respecta as normas básicas de acentuación de agudas, graves e esdrúxulas; de agrupación de vogais (“-ía”, “uí”…) e dos diacríticos máis frecuentes (“é”/”e”, “máis”/”mais”, “á”/”a”…).<br>**a) En textos cunha extensión superior ao 80 %:**<br>- 9 ou máis erros de acentuación non repetidos.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %:**<br>- 5 ou máis erros de acentuación non repetidos. | Respecta, cando menos, as normas básicas de acentuación de agudas, graves e esdrúxulas; de agrupacións de vogais (“-ía”, “uí”...) e dos diacríticos máis frecuentes (“é”/”e”, “máis”/”mais”, “á”/”a”...)<br>**a) En textos cunha extensión superior ao 80 %:**<br>- Entre 6 e 8 erros de acentuación non repetidos.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %:**<br>- Entre 3 e 4 erros de acentuación non repetidos. | En textos cunha extensión **superior ao 80 %, e nunca inferior**, comete un máximo de 5 erros de acentuación. |
| **Morfosintaxe** | Aparecen **erros morfosintácticos graves**, entre eles:<br>- Colocación do pronome persoal átono.<br>- Uso de tempos compostos.<br>- Xénero dos substantivos.<br>- Contraccións (“de+un”, “por+a”...).<br>- Relacións de concordancia.<br>- Construción das oracións (incompletas, anacolutos…)<br>**a) En textos cunha extensión superior ao 80 %**:<br>- 5 ou máis erros non repetidos.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %**:<br>- 2 ou máis erros non repetidos. | Obsérvanse algúns erros morfosintácticos graves (*vid.* Código 0):<br>**a) En textos cunha extensión superior ao 80 %:**<br>- Entre 2 e 4 erros non repetidos.<br>**b) En textos cunha extensión aproximada de entre o 50 % e o 80 %:**<br>- Entre 1 ou 2 erros non repetidos. | En textos cunha **extensión superior ao 80 %, e nunca inferior**, comete 1 ou ningún erro morfosintáctico grave. |

**Táboa de corrección de P.22 @ondeviveomisterio**

Código alumno/a: ____________________________________________

| Coherencia. P.22.1 | |
|---|---|
| | **Código** |
| Relevancia do contido<br>(0 – 1 – 2) | |
| Ordenación das ideas<br>(0 – 1 – 2) | |
| Estrutura<br>(0 – 1 – 2) | |
| **Codificación: suma total da coherencia (0 – 6)** | |

| Cohesión. P.22.2 | |
|---|---|
| | **Código** |
| Marcadores do discurso<br>(0 – 1 – 2) | |
| Cohesión gramatical e léxica<br>(0 – 1 – 2) | |
| Puntuación<br>(0 – 1 – 2) | |
| **Codificación: suma total da cohesión (0 – 6)** | |

| Adecuación. P.22.3 | |
|---|---|
| | **Código** |
| Riqueza léxica<br>(0 – 1 – 2) | |
| Rexistro<br>(0 – 1 – 2) | |
| **Codificación: suma total da adecuación (0 – 4)** | |

| Corrección ortográfica e gramatical. P.22.4 | |
|---|---|
| | **Código** |
| Ortografía das palabras<br>(0 – 1 – 2) | |
| Ortografía da acentuación<br>(0 – 1 – 2) | |
| Morfosintaxe<br>(0 – 1 – 2) | |
| **Codificación: suma total da corrección ortográfica e gramatical (0 – 6)** | |

## Pautas específicas para a corrección das expresións escritas do alumnado con protocolo de dislexia

Nas tarefas de expresión escrita (P.21 e P.22) as persoas correctoras das probas do alumnado ao que se lle aplique un protocolo de dislexia, deberán ter en conta unhas pautas específicas referentes á ortografía:

- Non se penalizarán os erros de inversión, rotación, substitución, adición ou omisión de letras, sílabas ou palabras.
- Non se penalizarán os erros de segmentación de palabras dentro dunha oración (unións e separacións incorrectas).
- Penalizar **só unha vez** os erros de ortografía básica que se describen a continuación.
- Non penalizar os erros non descritos.

**Erros que se penalizarán:**

a) Ortografía das palabras

- Erros de ortografía básica. Penalizar **só unha vez** por cada erro **non repetido**.

| GALEGO | CASTELÁN |
|---|---|
| -*r / rr*<br>-grupos consonánticos *bl cl fl gl pl / br cr gr pr*<br>-*m* diante de *b* e *p*.<br>-*ca que qui co cu / za ce ci zo zu*<br>-pret. imperfectos –*a**b**a*<br>-***h**a**b**er*<br>-*ll/i*<br>-*s/x*<br>-*h*<br>-*v/b*<br>-*nh* (*u**nh**a, algu**nh**a* etc.) | -*r / rr*<br>-grupos consonánticos *bl* e *br*<br>-*m* diante de *b* e *p*.<br>-*ca que qui co cu / za ce ci zo zu*<br>-terminacións -*d* / -*z*<br>-tempos compostos: ***h**a ido* etc.<br>-pret. imperfectos –*a**b**a*<br>-***h**a**b**er*<br>-***h**acer*<br>-*s/x*<br>-*h*<br>-*v/b* |

b) Ortografía da acentuación

- Penalizar **só un de cada cinco** erros de acentuación non repetidos.

c) Signos de puntuación

- Penalizar **só un de cada tres** erros de puntuación.

**O feito de que non se penalicen todas as faltas cometidas, non significa que non se deban corrixir.** De feito, para calquera tratamento posterior, aconséllase que o profesorado corrector marque todos os erros.